



Hai 720 formas distintas de ordenar as letras da palabra **poesía**, e de todas elas só unha fai referencia ao gran fabulista grego **Esopo**, e ademais contén a sílaba **pi** (letra grega que describe a razón entre a lonxitude de calquera circunferencia e o seu diámetro). Aínda que **esopía** non aparece no diccionario, os matemáticos déronlle a esta palabra un significado que á vez é un desafío.

Que é unha ESOPÍA?

Esopía é un relato, comentario ou poema, cun máximo de 140 caracteres (tweet), onde cada palabra leva un número de letras igual ás sucesivas cifras do número π, é dicir:

3 1 4 1 5 9 2 6 5 3 8 9 7 9 3 2 3 8 4 6 2 6 4

CONCURSO DE ESOPÍAS

BASES:

1. Participantes.

Poderán participar todos os alumnos do IES A Sardiñeira, en fase de concurso, e os demais membros da comunidade educativa, en fase de exposición.

2. Entrega de Esopías.

Deberá enviarse unha copia da esopía (co nome e curso do participante) á dirección de correo electrónico mate.sardineira@gmail.com. (Máximo tres esopías por participante). Poderá estar redactada tanto en galego como en castelán.

3. Prazo.

O prazo de recepción das esopías remata o **Mércores 2 de maio ás 14:30 horas**.

4. Premios.

Haberá establecidas dúas categorías:

- 1º, 2º, 3º ESO. F.P. Básica.
- 4º ESO, 1º e 2º Bacharelato, Ciclos Formativos.

Daranse dous premios por categoría:

1º premio: Cheque regalo do Corte Inglés por importe de 30€.

2º premio: Cheque regalo do Corte Inglés por importe de 20€.


Os premios serán entregados na **Semana da Ciencia** que se celebrará no Instituto na primeira quincena de Maio.(12 de Maio día escolar das Matemáticas).

Un mesmo alumno non poderá acadar máis dun premio. O premio poderá quedar deserto. O fallo do xurado é inapelable. O xurado estará formado por profesores do Seminario de Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá.

5. Uso das esopías.

O Seminario reservase o dereito a utilizar as esopías presentadas para usos didácticos.

EXEMPLOS DE ESOPÍAS:



Rió y dijo: «Y nadie escribirá un relato mejor con estos malditos decimales, números infinitos que no nos incumben nada».

**Soy y seré a todos definible
mi nombre tengo que daros
cociente diametral siempre inmedible
soy de los redondos.**

Ler é crer e soñar